



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 28/10/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na pasada lexislatura, o goberno bipartito da Xunta de Galiza puxo en marcha o Programa de transporte nocturno a lugares de lecer, coñecido como NoiteBús. O seu obxectivo fundamental é ofrecer unha alternativa de transporte ao uso do vehículo privado a aquelas persoas que queiran disfrutar do tempo de lecer e, ao mesmo tempo, apostar pola seguridade viaria e a redución da sinistralidade nas estradas galegas, especialmente entre a xente nova durante os desprazamentos nocturnos en períodos de fin de semana e festivos.

Recentemente, o actual goberno da Xunta afirmou que ía manter este servizo ata xuño do 2010. Para favorecer esa extensión do servizo, ademais da implicación dos concellos e das empresas de transporte de viaxeiros, por parte da Xunta de Galiza habilitouse unha liña de subvencións para o establecemento de servizos baixo a marca NoiteBús.

Na actualidade, unha das liñas existentes é a de Arcade – Pontevedra, que ten parada en dous lugares do noso concello, como son Paredes e Figueirido. Sería interesante poder ofrecer este servizo á totalidade do noso concello, para que os nosos mozos e mozas puidesen disfrutar del.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicitará a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras unha liña do servizo Noitebús para Vilaboa.

Segundo. O Concello de Vilaboa ofrecerá a súa colaboración á Xunta de Galiza para poder pór en marcha este servizo.

Terceiro. Enviar este acordo á Xunta de Galiza e grupos parlamentarios do Parlamento galego.

Vilaboa, 20 de outubro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA